La Voz de Galicia



# Cultura financiará actividades da Asociación de Escritores en Lingua Galega

La Voz

SANTIAGO | O conselleiro de Cultura, Roberto Varela, e o presidente dos escritores galegos, Cesáreo Sánchez Iglesias firmaron un convenio de colaboración para o financiamento de algunhas das actividades que de xeito sistemático desenvolve o colectivo de autores galegos.

O convenio, que ten un montante de 30.000 euros, servirá para a desenvolver actividades como os premios da AELG, que anualmente seleccionan aos mellores autores en cada categoría; a distinción Os Bos e Xenerosos, que premia a autores polas súas carreiras; e tamén os Encontros Galeusca, no que se dan cita escritores cataláns, vascos e galegos e que cada tres anos se celebra en Galicia.

Dentro deste programa de colaboración Cultura sinalou a continuidade da asociación e tamén desenvolve actividades como as Polafías ou as homenaxes aos escritores celebradas na súa terra de orixe.